



Por que innovar?

En Mobalco todo comenzou pola iniciativa persoal e un oficio familiar convertido en vocación profesional. Somos conscientes da metamorfose e da sucesión dos ciclos de vida natural. A **economía circular fai que cada día fagámonos novas preguntas** de como estamos a facer as cousas na empresa para ser competitivos no mercado internacional. Temos que estar sempre **atentos ás novas tecnoloxías aplicadas** á nosa industria para ser máis produtivos.

Por exemplo, en MOBALCO puxemos en marcha un proxecto ambicioso en colaboración con CIS-Madeira, a Universidade de Santiago e o Institut de Ciència i Tecnologia da Universitat Autònoma de Barcelona. É un paso definitivo cara ao 100% de reciclabilidade dos nosos produtos. Un reto e unha paixón. Sen innovación constante é difícil competir nun mercado esixente e global.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Área de Servizos

Axencia Galega de Innovación

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>



PROGRAMA
**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas Pemes

Mobalco

“Non é o que fas é como e porqué o fas”

O concepto de fabricación de MOBALCO afástase das grandes liñas de produción e a fabricación masiva. MOBALCO pon toda a súa experiencia artesanal en crear propostas de deseño e fabricación de cociñas de forma sustentable, consciente e responsable. Unha proposta honesta para satisfacer os sonhos de cada un dos seus clientes integrando o mobiliario da súa cociña en sintonía a como ven e senten a vida.





MOBALCO


Fabricación coa precisión dun artesán

NOME: MOBALCO

LOCALIZACIÓN: A POBRA DO CARAMIÑAL, A CORUÑA

INICIO ACTIVIDADE: 1978

SECTOR: DESEÑO E FABRICACIÓN DE MOBILIARIO



A procura do auténtico é a maneira que ten o equipo de MOBALCO de levar a cabo a súa forma de entender unha vocación que se profesionalizou e especializou na creación de mobiliario de cociña. Este propósito respírase en cada unha das persoas do equipo e en cada un dos procesos que realizan.

Este propósito **de autenticidade** é o alicerce fundamental da cultura da empresa no que se basea a imaxe de marca. Cren nun deseño responsable. Analizan cada un dos impactos ambientais de todos os elementos que interveñen no proceso de fabricación, así como a capacidade de reciclaxe e o potencial de reutilización de cada un dos seus compoñentes.

Isto supón estar activamente aberto á innovación, porque cada día aparecen novas tecnoloxías aplicadas para incrementar a sustentabilidade ambiental dos procesos produtivos.

A súa vocación conleva dar o **máximo valor aos seus clientes**. Buscan constantemente a beleza e o **benestar das persoas** para cada unha das cociñas que fabrican. Coñecen os hábitos e os comportamentos dos seus clientes, sobre todo, as emocións que espertan neles a beleza dos materiais naturais, o deseño atemporal e funcional. Todos estes elementos de valor percibidos polos clientes son o resultado da innovación orientada a un deseño e proceso produtivo eficiente que **incorpora novas tecnoloxías para reducir**

“Fomos pioneiros no uso de taboleiro con certificación CARB2 e EPA de baixa emisión de fomaldehido”

o efecto dos produtos químicos no proceso industrial.

Como explica o seu director de vendas, José Antonio García, “fomos pioneiros no uso de taboleiro con certificación CARB2 e EPA de baixa emisión de fomaldehido e na adquisición de equipos especiais de alta tecnoloxía que nos permite o uso de vernices e produtos de acabado de gran pureza que non conteñan disolventes ou fórmulas volátiles perxudiciais para a saúde e o medio ambiente”.

Nas dúas últimas décadas, o sector da fabricación de mobiliario de cociñas tense polarizado en dúas grandes tendencias: o mercado masivo e o mercado de prescripción. MOBALCO foi fiel ao seu propósito e idea de negocio mesmo nos tempos máis difíciles durante a crise financeira mundial.

Durante a recesión do mercado entre o ano 2008 e o ano 2013, MOBALCO mantívose firme na súa idea de negocio. Ao contrario do que adoita ser habitual no sector utiliza un sistema integral de fabricación de todos os procesos de produción dentro da empresa. Ao optar por este sistema de fabricación renúnciase á opción de subcontratar un bo número de compoñentes á industria auxiliar,



condicionando entre outras cousas a posibilidade dun rápido crecemento, pero a cambio obtense un maior grao de orixinalidade e personalización do produto, que non fose posible se se adoptara a fórmula de externalización de procesos.

Este sistema de fabricación constitúe un alicerce fundamental como elemento diferenciador na súa estratexia e para iso é necesario unha alta especialización do persoal nos postos de produción. Por esta razón para MOBALCO, a formación é considerada un factor clave na estratexia da empresa ao longo dos anos. Actualmente máis dun 80% do persoal de produción recibiu formación específica.

MOBALCO apostou por profundizar no ecodeseño e seguir utilizando madeiras cuidadosamente seleccionadas procedentes de países con políticas de reforestación perfectamente definidas. Esta

materia prima de alta calidade permite preservar a elaboración manual da madeira e integrala no fogar, con toda a súa beleza e respectando o medio ambiente.

Todo isto á vez que a empresa seguiu con a internacionalización da súa propia marca en diferentes países como Portugal, Francia, Rusia, Hong Kong, México, UK e USA. Como explica José Antonio García “somos un equipo sen limitacións nos soños” e foméntase o principio de colaboración desde a honestidade para conseguir os retos dun mercado esixente e global.